

DA XUNTA DE GALICIA

EDICION E ADMINISTRACION:
 Secretaría Xeral da Xunta
 Pazo de Raxoy - T. 58 32 07 - 58 00 33
 SANTIAGO DE COMPOSTELA

FRANQUEO CONCERTADO

OBRADOIRO: Prelo de «Gráficas Minerva»
 C. Curros Enríquez, 1 - Teléfono 59 15 38
 SANTIAGO

Depósito Legal PO 126 - 1978

24 AGOSTO

Año 1981 Núm. 23

I. Disposicións xerais

PRESIDENCIA

Decreto 30/81, de 21 de agosto, de convocatoria de eleccións ó Parlamento de Galicia.

Aprobado o Estatuto de Autonomía pra Galicia por Lei Orgánica número 1/81, de 6 de abril, e obtido o previo acordo do Goberno da Nación, a Xunta de Galicia, de conformidade co preceptuado na Disposición Transitoria Primeira daquela norma institucional básica, debe convocar eleccións ó Parlamento Galego dentro dos prazos establecidos.

En virtude disto, a Xunta, na reunión celebrada o día 21 de agosto de 1981 aprobou o presente

DECRETO:

Artigo 1.º De conformidade co establecido na Disposición Transitoria Primeira-un do Estatuto de Autonomía, convócanse eleccións ó Parlamento de Galicia. A circunscrición electoral será a provincia, elixíndose vintedous Diputados na de A Coruña; quince na de Lugo; quince na de Ourense, e dezanove na de Pontevedra.

Artigo 2.º As eleccións celebraránse o día 20 de outubro de 1981.

Artigo 3.º O proceso electoral que se abre coa presente disposición rexirase, en primeiro lugar, polas normas propias contidas no Estatuto de Autonomía. No seu defecto, polas contidas no R. Decreto Lei 20/77, de 18 de marzo e disposicións complementarias vixentes que regulan as eleccións ó Congreso de Diputados, coas adaptacións e modificacións esixidas pola natureza e ámbito da consulta electoral.

Artigo 4.º Os representantes da Administración que integran o Comité pra Radio e Televisión serán propostos pola Xunta de Galicia.

Artigo 5.º A Xunta de Galicia, en colaboración cos órganos competentes da Administración do Estado, comunicará ás Autoridades correspondentes e ó electorado os resultados provisionais da elección.

I. Disposiciones generales

PRESIDENCIA

Decreto 30/81, de 21 de agosto, de convocatoria de elecciones al Parlamento de Galicia.

Aprobado el Estatuto de Autonomía para Galicia por Ley Orgánica núm. 1/81, de 6 de abril y obtenido el previo acuerdo del Gobierno de la Nación, la Junta de Galicia, de conformidad con lo preceptuado en la Disposición Transitoria Primera de aquella norma institucional básica, debe convocar elecciones al Parlamento Gallego dentro de los plazos establecidos.

En su virtud, la Junta en la reunión celebrada el día 21 de agosto de 1981, ha aprobado el presente

DECRETO:

Artículo 1.º—De conformidad con lo establecido en la Disposición Transitoria Primera-uno del Estatuto de Autonomía, se convocan elecciones al Parlamento de Galicia. La circunscrición electoral será la provincia, eligiéndose veintidós Diputados en la de La Coruña; quince en la de Lugo; quince en la de Orense, y diecinueve en la de Pontevedra.

Artículo 2.º—Las elecciones se celebrarán el día 20 de octubre de 1981.

Artículo 3.º—El proceso electoral que se abre con la presente disposición se regirá, en primer lugar, por las normas propias contenidas en el Estatuto de Autonomía. En su defecto, por las contenidas en el R. D. Ley 20/77, de 18 de marzo y disposiciones complementarias vigentes que regulan las elecciones al Congreso de Diputados, con las adaptaciones y modificaciones exigidas por la naturaleza y ámbito de la consulta electoral.

Artículo 4.º—Los representantes de la Administración que integran el Comité para Radio y Televisión serán propuestos por la Junta de Galicia.

Artículo 5.º—La Junta de Galicia, en colaboración con los órganos competentes de la Administración del Estado, comunicará a las Autoridades correspondientes y al electorado los resultados provisionales de la elección.

Artigo 6.º Rematado o escrutinio xeneral e efectuada a proclamación de Diputados, o Presidente de cada unha das Xuntas Electorais Provinciais remitirá á Xunta de Galicia a relación de Diputados proclamados electos. Igualmente dispoñerá se proceda á expedición e entrega, a favor dos mesmos, das credenciais acreditativas da súa condición de Diputado, previa solicitude do interesado ou do representante acreditado da súa candidatura.

Disposición final primeira

A fase post-electoral e previa ó Decreto de convocatoria de constitución do Parlamento, regularase pola Xunta de Galicia, nos termos previstos nos artigos 1.º, 2.º e 3.º do Regulamento Provisional do Congreso de Diputados de 17-10-77.

Disposición final segunda

O presente Decreto entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no "Boletín Oficial da Xunta de Galicia". Publicarase tamén no "Boletín Oficial do Estado" e, dentro dos dez días naturais seguintes á súa entrada en vigor, insertarase integramente no "Boletín Oficial" de cada unha das provincias e en tódolos xornais de Galicia.

Santiago, 21 de agosto de 1981.

JOSE QUIROGA SUAREZ
Presidente

Artículo 6.º—Finalizado el escrutinio general y efectuada la proclamación de Diputados, el Presidente de cada una de las Juntas Electorales Provinciales remitirá a la Junta de Galicia la relación de Diputados proclamados electos. Asimismo dispondrá se proceda a la expedición y entrega, a favor de los mismos, de las credenciales acreditativas de su condición de Diputado, previa solicitud del interesado o del representante acreditado de su candidatura.

Disposición final primera

La fase post-electoral y previa al Decreto de convocatoria de constitución del Parlamento, se regulará por la Junta de Galicia, en los términos previstos en los artículos 1.º, 2.º y 3.º del Reglamento Provisional del Congreso de Diputados de 17-10-77.

Disposición final segunda


El presente Decreto entrará en vigor al día siguiente de su publicación en el "Boletín Oficial de la Junta de Galicia". También se publicará en el "Boletín Oficial del Estado" y, dentro de los diez días naturales siguientes a su entrada en vigor, se insertará íntegramente en el "Boletín Oficial" de cada una de las provincias y en todos los diarios de Galicia.

Santiago, 21 de agosto de 1981.

JOSE QUIROGA SUAREZ
Presidente

"En campo de azul, cálize de ouro somado de hostia de prata e acompañamento de sete cruces recortadas do mesmo metal, tres a cada lado, en pala, e unha no meio do xefe.

Ao timbre, coroa real."



"En campo de azul, cáliz de oro sumado de hostia de prata y acompañado de siete cruces recortadas del mismo metal, tres a cada lado, en pala, y una en el centro del jefe.

Al timbre, corona real."